

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MAÑÓN

*Aprobación das bases reguladoras de axudas para paliar as consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria ocasionada polo brote de coronavirus Covid 19*

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de maio de 2020 acordou a aprobación das bases reguladoras de axudas para paliar as consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria ocasionada polo brote de coronavirus COVID 19.

Dando cumprimento ó acordo plenario, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

Mañón, 11 de maio de 2020.

O ALCALDE

Alfonso Emilio Balseiro Gómez

#### **BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA PALIAR AS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO BROTE DE CORONAVIRUS COVID 19**

As graves consecuencias sanitarias, sociais e económicas xeradas pola crise sanitaria ocasionada polo brote de coronavirus COVID-19, require que se adopten medidas extraordinarias para axudar a mitigar o seu impacto.

O artigo 4 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego establece que a política de emprego no seu deseño e modelo de xestión, deberá ter en conta a súa dimensión local para axustala ás necesidades do territorio, de xeito que favoreza e apoie as iniciativas de xeración de emprego no ámbito local.

O papel dos Concellos, na crise económica e de emprego que se vai a derivar da crise sanitaria, é fundamental xa que dispoñen de coñecemento directo das realidades locais, que lles permite adoptar os recursos ás mesmas.

##### **1.- Obxecto da presente convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é paliar e actuar de xeito inmediato, ante as consecuencias económicas derivadas da crise sanitaria provocada polo COVID-19, para impulsar a actividade económica no termo municipal de Mañón.

As axudas están dirixidas ós seguintes colectivos:

A) Persoas autónomas de Mañón afectadas directamente como consecuencia da suspensión da apertura ó público establecida no R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

B) Mariscadores/as do Concello de Mañón pola grave diminución e en algúns casos ausencia da súa actividade económica.

A finalidade das axudas é contribuír a facilitar o cumprimento das súas obrigas, axudar ó mantemento da actividade económica e así acadar a debida protección do emprego para que unha vez finalizada a alarma sanitaria se produza unha reactivación da economía do municipio protexendo, deste xeito, o interese xeral dos veciños de Mañón.

##### **2.- Normativa aplicable**

A presente convocatoria rexerese, con carácter xeral, polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvención de Galicia e, supletoriamente, na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e en calquera outra disposición normativa que pola súa natureza puidese resultar de aplicación.

A xestión destas subvencións suxeitase ós principios de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como, á eficacia no cumprimento de obxectivos e eficiencia na asignación e utilización do recursos públicos.

##### **3.- Crédito orzamentario.**

A contía destinada a atender as solicitudes destas subvención ascende a un importe de 46.800,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 925.48900.

#### 4.- Contía das axudas.

En base ó artigo 30.7 da Lei Xeral de Subvencións:

- Concederáse unha contía fixa de 900,00 euros para persoas físicas autónomas de calquera tipo que teñan unha actividade afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020, de 14 de marzo. No suposto de que nun mesmo establecemento houbera máis dun traballador autónomo empregado presentárase unha única solicitude por establecemento.

- Concederáse unha contía fixa de 900,00 euros para os/as mariscadores/as do Concello de Mañón coa fin de paliar as perdas producidas na súa actividade.

Esta axuda será compatible con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas.

#### 5.- Requisitos para ser beneficiario/a das axudas.

##### A) Autónomos

Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas autónomas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a persoa autónoma estea empadroadada no Concello de Mañón na data da declaración de estado de alarma.
- b) Que a actividade que desenvolve o beneficiario ou entidade se atope no termo municipal de Mañón e que se tivera visto afectada polo peche do establecemento disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo.
- c) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da declaración do estado de alarma.
- d) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con Facenda (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).
- e) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Mañón. Este requisito verificarase de oficio pola Administración.
- f) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. No caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento das subvencións, e no seu caso, do seu reintegro.

##### B) Mariscadores/as

- a) Que o mariscador/a estea empadroadado no Concello de Mañón na data de declaración do estado de alarma.
- b) Que o/a solicitante estea afiliada á Confraría de Pescadores Barqueiro-Bares do Concello de Mañón e que estea dado/a de alta no réxime especial de traballadores do mar na data de declaración do estado de alarma.
- c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e en particular, estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias con Facenda (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).
- d) Non ter débeda algunha pendente co Concello de Mañón. Este requisito verificarase de oficio pola Administración.

#### 6.- Prazo e forma de presentación de solicitudes.

1.- O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles a partir do día seguinte á publicación do extracto da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

2.- As presentes Bases, xunto cos modelos de solicitude, estarán dispoñibles na páxina web municipal [www.manon.es](http://www.manon.es).

3.- As solicitudes poderán presentarse:

- a) Por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Mañón accesible a través do enlace <https://sede.manon.es/opencms/gl/> utilizando o formulario xenérico de solicitude dispoñible na sede. Para a presentación de solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.
- b) Atendendo as circunstancias excepcionais derivadas da crise sanitaria do COVID-19 e debido a natureza da actividade económica, tamén poderá presentarse a solicitude mediante envío por correo electrónico (consignando nome e apelidos,

número de documento de identificación e número de teléfono), achegando xunto a solicitude, a documentación solicitada dixitalizada (escaneada) ó enderezo de correo electrónico **correo@manon.es**.

c) A presentación de solicitude fora de prazo será causa de inadmisión da solicitude.

#### **7.- Documentación a achegar.**

A solicitude normalizada deberá estar asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal e deberá acompañarse obrigatoriamente da seguinte documentación:

##### **A. Autónomos.**

A.1.- En caso de persoa física:

a) DNI ou NIE

b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

c) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na Mutua Profesional correspondente.

d) Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS).

e) Xustificante pago Autónomos período liquidación marzo 2020.

f) Modelo designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

A.2. En caso de sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica:

a) CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

b) Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade.

c) Escritura/contrato de constitución da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica.

d) DNI/NIE e acreditación dos poderes da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa.

e) Resolución/certificación do alta no RETA da persoa autónoma.

f) Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS).

g) Xustificante pago Autónomos período liquidación marzo 2020.

h) Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

A.3.- Así mesmo as persoas ou entidades incluídas neste apartado deberán presentar unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal ou apoderado da persoa ou entidade solicitante que conterà o pronunciamiento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso na prohibición para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.
- Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata o transcurso do prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, concordante co establecido no artigo 11 de dita Lei.

**B.- Mariscadores/as**

B.1. Deberán presentar a seguinte documentación:

- a) DNI ou NIE.
- b) Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores do Mar.
- c) Permiso de explotación para marisqueo a pé en vigor.
- d) Modelo designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- e) Certificación expedida pola Confraría de O Barqueiro-Bares da diminución na actividade marisqueira como consecuencia do COVID 19.
- f) Xustificante pago cotización réxime especial traballadores do mar período liquidación marzo 2020.
- g) Certificados de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS).

B.2.- Deberá presentarse así mesmo unha declaración xurada asinada pola persoa interesada ou representante legal que conterà o pronunciamento expreso sobre as seguintes cuestións:

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso na prohibición para obter a condición de beneficiaria e para ser receptiva do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e o apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ó cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvención, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

**8.- Procedemento e instrución do procedemento.**

1.- O procedemento de tramitación e concesión de axudas solicitadas ó abeiro desta convocatoria axustarase ó disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2.- Nomearase unha Comisión de verificación, composta polo Alcalde/Concelleiro ou persoa en quen delegue, que actuará como presidente, a Traballadora Social do Concello e a Secretaria-Interventora que actuará como Secretaria. Corresponde a esta Comisión de verificación a interpretación e aclaración das dúbidas que se presenten na aplicación das presentes bases.

3.- A concesión da subvención efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva. En caso de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación de documentación relativa á devandita solicitude.

4.- Dada a situación de emerxencia económica e de acordo cos obxectivos xerais da convocatoria, antes inclusive da finalización do prazo de presentación das solicitudes, as presentadas que xa cumpran cos requisitos esixidos e polo tanto sexan propostas para ser resoltas favorablemente, poderán ser aprobadas sucesivamente polo órgano competente.

5.- Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requirirase ó solicitante para que no prazo de dez (10) días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos, facéndolle saber, que no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

6.- As notificacións de resolución e actos administrativos practícaranse nos termos previstos, na normativa reguladora de procedemento administrativo común. En todo caso, tendo en conta as excepciónais circunstancias actuais, as notificacións serán practicadas no correo electrónico designado polo solicitante naqueles casos nos que a solicitude da subvención se recibise por esta vía de comunicación.

**9.- Pagamento da subvención.**

1.- O pagamento destas subvencións realizaranse no momento da concesión nun pago único en concepto de anticipo, mediante transferencia bancaria, a partir da data da resolución de concesión da axuda, sen que sexa necesaria a constitución de garantías.

2.- En caso de incumprimento das obrigas, no seu caso, detalladas nesta convocatoria, iniciarase de oficio expediente administrativo que, previa audiencia á persoa interesada, propondrá a iniciación coa liquidación dos xuros de mora correspondentes.

#### **10.- Obrigas das persoas e entidades beneficiarias.**

Son obrigas dos beneficiarios da axuda:

a) Manter a actividade económica durante 6 meses, como mínimo, a partir do día seguinte ó do peche da actividade establecido no RD 463/2020, de 14 de marzo.

b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas pola vixente lexislación en materia de subvencións.

c) Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións e en particular, por obter a subvención falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impediron, ou mostrar resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previsto no artigo 14 da Lei Xeral de subvención.

d) Cumprir as restantes obrigas que detalla o artigo 14 da Lei Xeral de subvencións.

e) No caso de que a persoa ou empresa beneficiaria se atope comprendida nos supostos do artigo 3.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá adaptarse ás obrigas de publicidade activa que lle resulten aplicables.

f) Xustificar a subvención segundo o establecido na Base seguinte.

#### **11.- Xustificación das axudas.**

Unha vez cumpridos os 6 meses da declaración do estado de alarma establecido no RD 463/2020, do 14 de marzo, o beneficiario deberá xustificar a subvención recibida con facturas efectivamente pagadas no período comprendido entre o 01-03-2020 e 30-09-2020 correspondente ós seguintes gastos:

- Cotas á seguridade social do traballador autónomo.
- Compra de material necesario e adquisición de equipos de protección individual para adecuarse as medidas establecidas contra o COVID-19.

O prazo límite para presentar a xustificación será o 30 de novembro de 2020.

#### **12.- Reintegro das subvencións.**

1.- O reintegro do importe percibido, no seu caso, rexerá polo disposto no título II da LXS e polo título III do RLXS.

2.- Xunto ás causas de invalidez da resolución de concesión, recollidas no artigo 36 da LXS, darán lugar a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, así como a esixencia dos xuros de mora correspondentes dende a data do pagamento da subvención ata que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos con carácter xeral no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións.

En particular, operará como causa de reintegro, o incumprimento por parte da persoa beneficiaria da obriga de manter a actividade durante os 6 meses establecidos na Base 10 da convocatoria, procederá ó reintegro da parte proporcional dos meses pendentes do cumprimento.

3.- Sen prexuízo de iniciar o procedemento do reintegro, en caso de incumprimento das obrigas establecidas con motivo da concesión da subvención, a persoa ou empresa beneficiaria poderá comunicar ó Concello por rexistro de entrada este feito e efectuar a devolución voluntaria da cantidade percibida; así mesmo, calcularanse os intereses de demora ata o momento no que se produza a devolución efectiva.



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)[www.manon.es](http://www.manon.es)

### AXUDAS PARA PALIAR AS CONSECUCIÓNS ECONÓMICAS DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO BROTE DE CORONAVIRUS COVID 19

#### AUTÓNOMOS

##### 1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

|                    |  |
|--------------------|--|
| DNI/NIE            |  |
| Apelidos e nome    |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

##### 2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

|                    |  |
|--------------------|--|
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

##### 3.- DATOS DO ESTABLECEMENTO OU LOCAL

|                            |  |
|----------------------------|--|
| Actividad económica        |  |
| Epígrafe IAE               |  |
| Código CNAE                |  |
| Enderezo fiscal/actividade |  |

|                   |  |
|-------------------|--|
| Representante/DNI |  |
|-------------------|--|

Forma xurídica:  Sociedade Mercantil  CB/SC  Outras



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### 4.- AUTORIZACIÓNS

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Mañón, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.  Si  Non

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o solicitante ou representante legal asinante deste documento, autoriza ao Concello de Mañón, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Mañón que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Así mesmo, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización.  Si  Non

### 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos dispostos no RD 463/2020 de 14 de marzo.

Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.

Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.

Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

Que en caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata o transcurso do prazo de prescrición previsto nos art. 39 e 65 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, concordante co establecido no artigo 11 de dita Lei.





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### 6.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR

#### No caso de persoa física

DNI/NIE

Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o do local de desenvolvemento da actividade.

Resolución/Certificación de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos ou na Mutua Profesional correspondente.

Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS).

Xustificante pago Autónomos período liquidación marzo 2020

Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.

#### No caso de sociedade, comunidade de bens ou entidades:

CIF da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica

Certificado actualizado de Situación Censal que indique a actividade económica coa súa data de alta, o domicilio fiscal ou no seu caso o local de desenvolvemento da actividade

Escritura/contrato de constitución da sociedade, comunidade de bens ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica

DNI/NIE e poder da persoa administradora e da que presenta a solicitude en caso de non ser a mesma persoa

Resolución/Certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos

Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS)

Xustificante pago Autónomos período liquidación marzo 2020

Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria

En Mañón,  de  do 2020.

Asdo.





## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)

[www.manon.es](http://www.manon.es)

### BASES REGULADORAS DE AXUDAS PARA PALIAR AS CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO BROTE DE CORONAVIRUS COVID 19

#### MARISCADORES/AS

##### 1.- DATOS DO/DA SOLICITANTE

|                    |  |
|--------------------|--|
| DNI/NIE            |  |
| Apelidos e nome    |  |
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

##### 2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS

|                    |  |
|--------------------|--|
| Enderezo           |  |
| Teléfono           |  |
| Correo electrónico |  |

Autorizo a notificación electrónica como medio de notificación preferente

##### 4.- AUTORIZACIÓNS

1.- Para que solicite en calquera momento da tramitación da subvención certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social e co Concello de Mañón, e a súa situación no censo de actividades económicas da AEAT.  Si  Non

2.- Que aos efectos da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o solicitante ou representante legal asinante deste documento, autoriza ao Concello de Mañón, a incorporar estes, ou aqueles outros dos que tivera coñecemento como consecuencia da relación iniciada, a un ficheiro automatizado responsabilidade do Concello de Mañón que ten por finalidade dar cumprimento as funcións a realizar dentro do proceso de trámite, xestión, concesión e pagamento encomendados pola Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e normativa de desenvolvemento, así como para a xestión doutros servizos ou programas de iniciativa municipal do seu posible interese. Así mesmo, comprométese a comunicar no menor prazo de tempo posible, calquera variación dos datos manifestados co fin de poder proceder a súa actualización.  Si  Non



## CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

[correo@manon.es](mailto:correo@manon.es)[www.manon.es](http://www.manon.es)

### 5.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, e en concreto apartados 2 e 3 do artigo 13 e apartado 5 do artigo 34 da mesma.
- Que a persoa solicitante se compromete ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.
- Que a persoa solicitante se compromete á comunicación das subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar á maior brevidade posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma, sen que en ningún caso, no seu conxunto, superen o 100% dos gastos subvencionables.

### 6.- DOCUMENTACIÓN A APORTAR

#### No caso de persoa física

- DNI/NIE
- Resolución/certificación da alta no Réxime Especial de Traballadores do Mar
- Permiso de explotación para marisqueo a pé en vigor
- Modelo de designación de conta bancaria ou certificación bancaria.
- Certificación expedida pola Cofraría de O Barqueiro-Bares da diminución na actividade marisqueira como consecuencia do COVID 19
- Xustificante pago cotización réxime especial traballadores do mar período liquidación marzo 2020
- Certificados de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) e fronte a Seguridade Social (TGSS).

En Mañón,  de  do 2020.

Asdo.